

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS  
EXTERNAS DO GRAO EN DEREITO  
NA FACULTADE DE DEREITO DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO



## REGULAMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO GRAO EN DEREITO NA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### **Artigo 1.- Ámbito de aplicación**

A presente normativa ten por obxecto desenvolver o Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o día 24 de maio de 2012, e adaptalo na Facultade de Dereito ás peculiaridades da materia optativa “Prácticas externas” do plan de estudos do Grao en Dereito.

É de aplicación supletoria o Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario nos aspectos non previstos nesta normativa.

### **Artigo 2.- Definición, natureza e características das prácticas externas curriculares**

1.- As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo estudiantado universitario e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir ao mesmo aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lle preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

2.- As prácticas externas curriculares configúranse como unha materia optativa integrada no plano de estudos do Grao en Dereito da Universidade de Vigo.

3.- As prácticas externas curriculares poderán realizarse na propia Universidade -en servizos non destinados á actividade docente-, ou en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.

De forma previa, para a realización das práctica externas, a Universidade de Vigo, debe ter asinado o correspondente convenio de cooperación educativa coas entidades colaboradoras.

### **Artigo 3.- Proxecto formativo e contido das prácticas externas curriculares**

1.- O proxecto formativo é o documento no que se concreta a realización de cada práctica externa, e no que se deberán especificar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o/a estudante. Os contidos da práctica definiranse de forma que aseguren a relación directa coas competencias que se adquiren no Grado en Dereito.

2.- O proxecto formativo terá que ter en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

### **Artigo 4.- Duración e horario das Prácticas**

1.- As prácticas terán a duración que establece o plano de estudos do Grao en Dereito.

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de conformidade coas características da mesma e as disponibilidades da entidade colaboradora. En todo caso, procurarase que os horarios sexan compatibles coa actividade académica, representativa e participación desenvolvida polo/a estudante de universidade.

### **Artigo 5.- Destinatarios de las prácticas e requisitos para a súa realización.**

1.- Poderán realizar prácticas externas:

a) Os/as estudantes matriculados na materia “Prácticas externas” do Grado en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.

b) Os/as estudantes doutras universidades españolas ou estranxeiras que participen en programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre universidades, sempre e cando estean matriculados na materia “Prácticas externas” do Grado en Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo.

2.- Para a realización das prácticas externas os/as estudantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Preinscribirse na materia Prácticas externas, de acordo co procedemento de preinscripción en materias optativas da Facultade de Dereito e, unha vez adxudicada a materia, formalizar a matrícula da mesma no período correspondente
- b) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada na que se realicen as prácticas.

### **Artigo 6.- A coordinación do programa de prácticas**

O/A decano/a da Facultade de Dereito designará ao coordinador/a das prácticas externas, que será o/a encargado/a da organización, asignación e coordinación das mesmas. Deberá elaborar a guía docente da materia e será a persoa responsable de cubrir as actas das materia no prazo establecido no calendario escolar, segundo a información que lle acheguen os titores/as académicos cando finalice o proceso de avaliación das prácticas.

### **Artigo 7.- Procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que realizará as prácticas**

1.- Nos dous primeiros meses do curso académico, o/a coordinador/a do programa de prácticas externas fará pública a oferta de prácticas do correspondente curso académico, e fará constar, na medida do posible, os seguintes datos:

- a) O número de prazas ofertadas por cada institución colaboradora, con indicación do nome ou razón social da entidade onde se realizarán as prácticas.
- b) O centro, localidade e enderezo onde terán lugar.
- c) O proxecto formativo, tipo de tarefas que deberá asumir o/a alumno/a e as competencias a desenvolver.

d) As datas de comezo e remate das prácticas, así como a súa duración en horas, con indicación expresa do número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.

e) Os/as tutores/as académico e profesional asignados a cada praza.

2.- A devandita oferta será obxecto de publicidade a través dos taboleiros de anuncios do centro, da páxina web da Facultade e de calquera outro medio que se estime oportuno.

3.- No mes de novembro abrirase un prazo non inferior a quince días naturais no que o alumnado matriculado na materia Prácticas externas deberá cumprimentar unha solicitude onde indicará as súas preferencias entre os distintos ámbitos de prácticas externas dispoñibles. O/a estudante poderá atopar a solicitude na páxina web da Facultade (modelo de solicitude, anexo I).

4.- A continuación, o/a coordinador/a das prácticas externas adxudicará as prazas. De conformidade co previsto no artigo 17.3 do Real Decreto 592/2014, polo que se regulan as prácticas externas dos estudantes universitarios, outorgaráselle prioridade na elección e na adxudicación das prácticas aos/ás estudantes con discapacidade, co obxecto de que poidan optar ás empresas nas que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao transporte para o seu traslado e acceso.

Nos demais casos, a adxudicación farase segundo a preferencia manifestada polo alumnado, garantindo, en todo caso, os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades e tendo en conta os dous criterios seguintes:

- a) O expediente académico do/a alumno/a, que será ponderado nun 50%.
- b) O número de créditos superados, que será ponderado nun 50%

Se, conforme a estes criterios, dous estudantes obtivesen a mesma puntuación, resolverase o empate a favor do alumno/a que teña maior número de matrículas de honra no seu expediente, e en caso de ter igual número, terase en conta sucesivamente o número de sobresaíntes, notables... Se tampouco este criterio permitise priorizar as solicitudes, o coordinador/a das prácticas levará a cabo o correspondente sorteo.

5.- O/a coordinador/a de prácticas publicará antes do remate do mes de novembro, no taboleiro de anuncios da Facultade, unha resolución provisional de adxudicación das prácticas ofertadas. O alumnado que non estea conforme contará cun prazo de dez días hábiles para presentar reclamacións ante o/a decano/a da Facultade que as resolverá no prazo de cinco días hábiles, ditándose a resolución definitiva de asignación das prácticas.

#### **Artigo 8. Titor/a da entidade colaboradora**

A entidade ou institución colaboradora designará para titorizar a cada estudante unha persoa vinculada á mesma, con experiencia profesional e cos coñecementos precisos para realizar unha tutela efectiva.

#### **Artigo 9.- Titor/a académico/a de prácticas**

1.- Para poder ser titor/a académico/a das prácticas é preciso impartir docencia na Facultade de Dereito, e ser profesor/a do ámbito de coñecemento do Dereito. A Comisión Permanente da Facultade poderá limitar o número máximo de estudantes a titorizar por cada titor/a académico/a.

2.- Non poden coincidir na mesma persoa as funcións de titor/a académico/a e de titor/a na entidade colaboradora.

3.- No mes de setembro de cada ano, o decanato solicitará profesorado voluntario para titorizar as prácticas externas entre quen cumpra os requisitos do punto primeiro. A continuación, a Comisión Permanente da Facultade adxudicará as distintas prazas entre os/as solicitantes, tendo en conta -na medida do posible- a afinidade -se a houbese- entre a área de coñecemento á que pertence o profesorado académico e a ensinanza á que se vincula a práctica.

4.- No caso de non presentarse voluntarios/as, ou non ser suficientes para cubrir a demanda, a Comisión Permanente, previo acordo co coordinador/a de prácticas poderá optar por efectuar un sorteo entre o profesorado que cumpra os requisitos anteriormente mencionados ou atribuír a devandita titorización ao coordinador/a de prácticas.

## **Artigo 10.- Formalización da práctica e cobertura de riscos**

1.- O alumnado deberá asinar o compromiso do/a estudante de prácticas externas antes do seu comezo. Para que a práctica quede formalizada, o titor/a académico, o titor/a profesional e o/a estudante deben asinar a formalización da práctica (anexo II, formalización da práctica académica externa). O documento deberá estar depositado a disposición do coordinador/a de prácticas antes do seu comezo.

2.- Os dereitos e deberes dos estudantes o dos titores/as serán os establecidos na normativa xeral de aplicación.

3.- Para a cobertura das posibles continxencias que xurdisen no desenvolvemento das prácticas académicas externas, a Universidade de Vigo ten subscrito un seguro de accidentes, complementario ao seguro escolar, e outro de responsabilidade civil que cubre os riscos inherentes á súa realización.

## **Artículo 11. Informe de seguimento intermedio e memoria final do estudante.**

1.- Unha vez superada a metade do período de duración das prácticas, o/a alumno/a deberá remitir ao titor/a académico/a un Informe intermedio de seguimento das prácticas realizadas. No devandito informe deberán figurar, ademais dos seus datos persoais e os da entidade onde realiza as prácticas, unha descrición concreta das tarefas e traballos desenvolvidos ata o momento.

2.- Dentro dos quince días naturais seguintes ao remate do período de prácticas, o/a alumno/a deberá remitir ao titor/a académico/a a Memoria final das prácticas, na que deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Datos do estudante

b) Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas externas e lugar de ubicación.

c) Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado.

d) Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios.

e) Relación dos problemas formulados e o procedemento seguido para a súa resolución.

f) Identificación das aportacións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas externas

g) Avaliación das prácticas e suxestións de melloras.

### **Artículo 12. Informe final do titor da entidade colaboradora**

1.- Dentro dos quince días seguintes ao remate do período de prácticas, o titor/a da entidade colaboradora deberá achegar ao titor/a académico/a do/a alumno/a o Informe Final das prácticas realizadas, axustándose ao modelo do anexo III desta normativa. Este informe ten que ser confidencial, de xeito que, na fase previa á cualificación, só poderán ter acceso ao mesmo o/a titor/a académico/a e o/a coordinador/a das prácticas externas do centro, evitándose en todo momento a súa entrega ao alumno/a. Este/a só poderá coñecer o seu contido unha vez que fose informado/a oficialmente da cualificación acadada na materia.

2. O informe final valorará, conforme á normativa xeral, as competencias xenéricas como específicas establecidas no proxecto formativo e, en particular os seguintes: capacidade técnica de aprendizaxe, administración de traballos, habilidades de comunicación oral e escrita, sentido da responsabilidade, facilidade de adaptación, creatividade e iniciativa, implicación persoal, motivación, receptividade das críticas, relacións co seu entorno laboral e capacidade de traballo en equipo.

### **Artigo 13.- Avaliación e cualificación das prácticas externas**

1.- A avaliación das prácticas será levada a cabo polo/a titor/a académico/a asignado/a ao alumno/a. Para poder ser avaliado positivamente é necesario:

a) Non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas presenciais que conforman a práctica. O titor/a da entidade externa porá en coñecemento do coordinador/a



profesional as faltas de asistencia inxustificadas do alumno/a ás prácticas externas para os efectos oportunos.

b) Que a cualificación global que figure no Informe Final emitido polo/a titor/a da entidade colaboradora sexa igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

c) Que o/a alumno/a entregue ao titor/a académico/a no prazo de quince días naturais, a contar desde o día en que conclúen as prácticas, a Memoria de prácticas, que deberá axustarse ao disposto na presente normativa.


2.- Sempre que se cumpran os tres requisitos anteriores, o /a titor/a académico/a elaborará o Informe de valoración (anexo IV) no que determinará a cualificación final do alumno/a, baseándose nas especificacións da guía docente da materia.

3.- No caso de que o estudante non reúna algún dos tres requisitos enumerados nos apartados a), b), c) do punto 1 deste artigo, recibirá a cualificación de “suspenso”.

4. - A cumprimentación das actas corresponderalle ao coordinador/a das prácticas externas.

Dilixencia para facer constar que o presente regulamento de prácticas externas do Grao en Dereito na Facultade de Dereito da Univesidade de Vigo foi aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense o día 28 de xullo de 2016 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da facultade o día 29 de xullo de 2016.

A secretaria



Concepción Martínez Martínez

## SOLICITUDE DE OPCIONS PARA PRÁCTICAS EXTERNAS

## ANEXO I

Don/Dona:				DNI:	
Enderezo:					
Núm.:		Localidade:		CP:	
Email:				Tlfn:	

### EXPOÑO

1. Que estou matriculada/o na materia "Prácticas Externas" de 4º curso do Grao en Dereito.
2. Que segundo a normativa de desenvolvemento das prácticas externas curriculares da Facultade de Dereito de Ourense, o alumnado debe ordenar, segundo as súas preferencias, as opcións ofertadas para a realización das devanditas prácticas.

### SOLICITO

Que se teñan en conta as seguintes preferencias respecto ás opcións ofertadas:

1.º
2.º
3.º
4.º
5.º

En Ourense, a      de      de 201

Asdo.:

- SR/A. COORDINADOR/A DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

## FORMALIZACIÓN DA PRÁCTICA ACADÉMICA EXTERNA

## ANEXO II

### CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA

Empresa/entidade:		CIF:	
Data do convenio			

### ENDEREZO DO CENTRO ONDE SE REALIZARÁN AS PRÁCTICAS

Vía e número:		Localidade:			
Provincia		CP:		Teléfono:	

### DATOS DO ESTUDANTE

Nome e apelidos:				NIF:	
Ano nacemento:		Enderezo electrónico:			
Teléfono:		Facultade ou Escola			
Campus:		Titulación			
Curso:		Ano de inicio de estudos universitarios:			
¿Realizou anteriormente unha práctica?	<input type="checkbox"/>	¿En qué curso?	<input type="checkbox"/>	Empresa:	

### TITOR/A ACADÉMICO

Nome e apelidos			Teléfono:	
Departamento			Centro:	
Email:				

### CARACTERÍSTICAS DA PRÁCTICA

Tipo de práctica:			Modalidade:		
Período de realización:			Dende:		Ata:
Horas totais:		Horario:			
Lugar de realización:					
Aportación económica bruta mensual por parte da empresa €:					



## Proxecto formativo:

Obxectivos educativos:

## COMPROMISO DO/A ESTUDANTE EN PRÁCTICAS

D/Dna:

con DNI:

DECLARA QUE:

- 1) Non mantén relación laboral algunha neste momento nin durante a duración das prácticas coa empresa/institución na que vai desenvolver as mesmas, sen prexuízo de que estas poidan ser interrompidas para establecer unha relación contractual.
- 2) Comprométese a cumprir todas as obrigas estipuladas na normativa vixente que regule a realización de prácticas académicas externas, así como as establecidas na normativa e Convenio de Cooperación Educativa aprobados pola Universidade de Vigo.
- 3) Comprométese a elaborar un informe final da práctica, de acordo coa normativa vixente en materia de prácticas académicas.
- 4) De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, a/o estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso a datos de carácter persoal deberá gardar o deber de segredo, obriga que subsistirá aínda despois da súa finalización. Así mesmo, poderá asinar coa empresa/institución un documento no que se obrigue a cumprir co devandito deber.

Ado.

Lugar e data:

TITOR/A ACADÉMICO/A

TITOR/A DA EMPRESA

ALUMNO/A



## MODELO DE INFORME FINAL DO TITOR DA ENTIDADE EXTERNA (PLAN G080)

## ANEXO III

### DATOS IDENTIFICATIVOS:

Datos da institución de destino:	
Datos persoais do/a alumno/a:	
Nome do/a titor/a da entidade colaboradora:	
Datas de iniciación e finalización das prácticas:	
Número de horas inicialmente planificadas:	
Número de horas efectivamente realizadas polo/a alumno/a, especificando a cantidade de ausencias xustificadas e inxustificadas:	

### CONTIDO:

1.- Enumeración de funcións e tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante as prácticas:

2.- Avaliación do desempeño do alumno conforme ao seguinte esquema:

1: MAL    2: REGULAR    3: BEN    4: MOI BEN    5: EXCELENTE

	1	2	3	4	5
1.- Capacidade de síntese e análise (CG1)					
2.- Capacidade de aprender (CG2)					
3.- Capacidade de xestionar a información (CG3)					
4.- Capacidade de adaptarse ás novas situacións (CG4)					
5.- Capacidade para organizar e planificar (CG5)					
6.- Resolver problemas de xeito efectivo (CG6)					
7.- Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo (CG7)					
8.- Traballar de forma autónoma con iniciativa (CG8)					
9.- Traballar de forma colaborativa (CG9)					
10.- Preocupación pola calidade (CG10)					
11.- Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional (CG11, CE19))					
12.- Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais) (CG12)					
13.- Traballar desde una perspectiva comparada, manexando información comparada (CG13; CE14; CE15; CE16; CE17; CE19; CE20; CE21)					
14.- Ser quen de comprender e redactar documentos xurídicos (CE 21, CE 22)					
15. Sentido da responsabilidade (CG5, CG10, CG10 y CG11)					
16. Receptividade ás críticas (CG2, CG4 y GG6)					
17. Puntualidade (GG5, GG.10 GG11)					
18. Habilidades de comunicación (oral e escrita) (CEs,18, 19,23 y 24)					

**Observacións:**

**Cualificación global** (de 1 a 10)

**NOTA FINAL:**

Data:

Sinatura do titor/a externo



## MODELO DE INFORME FINAL DO TITOR DA ENTIDADE EXTERNA (PLAN G081)

## ANEXO III

### DATOS IDENTIFICATIVOS:

Datos da institución de destino:	
Datos persoais do/a alumno/a:	
Nome do/a titor/a da entidade colaboradora:	
Datas de iniciación e finalización das prácticas:	
Número de horas inicialmente planificadas:	
Número de horas efectivamente realizadas polo/a alumno/a, especificando a cantidade de ausencias xustificadas e inxustificadas:	

### CONTIDO:

1.- Enumeración de funcións e tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante a prácticas:

2.- Avaliación do desempeño do alumno conforme ao esquema do artigo 13 do Real Decreto 592/2014:

1: MAL    2: REGULAR    3: BEN    4: MOI BEN    5: EXCELENTE

COMPETENCIAS	1	2	3	4	5
1.- Capacidade técnica, capacidade de aprender e administración de traballos (GG1-GG2-GG3-GG4-B1-B2-CB3e CE23)					
2.- Habilidade de comunicación oral e escrita. En caso de estudante con discapacidade: indicar o grao de autonomía para esta habilidade e si require algún tipo de recurso técnico e/ou humano para o seu desenvolvemento. (GB4-CT1-CT2 e CE7)					
3.- Sentido da responsabilidade, implicación persoal, receptividade ás críticas e puntualidade (CT1-CT4 e CE33)					
4.- Facilitade de adaptación, relación co seu entorno laboral e capacidade de traballo en equipo ( CT5 e CT3)					
5.- Motivación, creatividade e iniciativa (CT3 e CE23)					
6.- Outros aspectos que considere oportunos destacar:					

<b>Observacións:</b>

<b>Cualificación global</b> (de 1 a 10)	
---	--

<b>NOTA FINAL:</b>	
--------------------	--

Data:

Sinatura do titor/a externo





## INFORME DO TITOR ACADÉMICO

## ANEXO V

### Datos do titor/a Académico/a:

Nombre completo:					
NIF:		Centro:		Dpto:	

### Datos do/a estudante:

Nombre completo:					
NIF:					

### Datos da Entidade Externa:

Razón Social:					
CIF:		Nome do titor			

### Cráterios a Avaliar:

1. Valoración do titor académico segundo a guía docente.	
2. Avaliación global segundo o informe do titor da entidade externa (Anexo III)	
AVALIACIÓN GLOBAL (resultado)	